

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**8898** *Real decreto 678/2014, do 1 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.*

O Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, traspón ao noso ordenamento xurídico os obxectivos de calidade do aire establecidos polas directivas europeas para os contaminantes con máis incidencia na saúde das persoas e no ambiente. Ademais, na disposición transitoria única deste real decreto establécense uns obxectivos de calidade para outros contaminantes, os cales derivan do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico. Entre estes contaminantes está o sulfuro de carbono.

A disposición transitoria única do Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, establece para cada contaminante unha concentración media en vinte e catro horas e unha concentración media en trinta minutos que non se deben superar.

En concreto, para o sulfuro de carbono establece unha concentración media en vinte e catro horas de 10 microgramos por metro cúbico.

Pola súa parte, a Organización Mundial da Saúde (OMS), nun informe do ano 2000, publicou valores guía para o sulfuro de carbono e recomendou un valor medio en vinte e catro horas de 100 microgramos por metro cúbico para a protección da saúde.

Debido a que o valor recomendado pola OMS para o sulfuro de carbono para a protección da saúde, dado como valor medio en vinte e catro horas, é considerablemente máis elevado que a concentración media en vinte e catro horas para o dito contaminante establecido na disposición transitoria única do Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, e á luz dos criterios establecidos no anexo III da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, considérase oportuno revisar este valor, para adaptalo ao valor recomendado pola OMS.

Pola súa parte, a Directiva 2009/161/UE da Comisión, do 17 de decembro de 2009, pola que se establece unha terceira lista de valores límite de exposición profesional indicativos en aplicación da Directiva 98/24/CE do Consello, do 7 de abril de 1998, e pola que se modifica a Directiva 2000/39/CE da Comisión, do 8 de xuño de 2000, establece un valor límite ambiental de exposición diaria para o sulfuro de carbono de 15.000 microgramos por metro cúbico a partir de determinados efectos detectados en traballadores que están expostos a altas concentracións de sulfuro de carbono durante oito horas e cinco días á semana. Axustando esta concentración a unha exposición continua de 24 horas ao día e 7 días por semana, e aplicando un factor de incerteza de 50 para ter en conta a susceptibilidade da poboación xeral, obteríase unha concentración tolerable de aproximadamente 70 microgramos por metro cúbico, valor algo inferior ao valor guía de 100 microgramos por metro cúbico recomendado pola OMS.

O valor de 70 microgramos por metro cúbico deriva dunha directiva do ano 2009, é dicir, máis recente que o informe da OMS (publicado no ano 2000). Por isto e porque é un valor máis baixo que o recomendado pola OMS, é conveniente aplicar o principio de precaución e establecer o valor de 70 microgramos por metro cúbico como obxectivo de calidade medio en vinte e catro horas para a protección da saúde.

O sulfuro de carbono é un contaminante característico de actividades industriais moi concretas sometidas a autorizacións ambientais, nas cales se establecen valores límite de emisión e, en ocasións, obxectivos de calidade do aire ambiente. O control do cumprimento destes valores límite e obxectivos de calidade debe realizalo a autoridade ambiental competente coa maior fiabilidade posible.

Porén, actualmente non existe un método de referencia para a determinación do sulfuro de carbono de forma automática e continua, polo que o control do cumprimento da concentración media en trinta minutos do sulfuro de carbono non se pode implementar con suficientes garantías técnicas.

Polo tanto, ao non existir un método de referencia automático e continuo, o control do cumprimento da concentración media en trinta minutos do sulfuro de carbono non supón unha protección adicional, tendo en conta, ademais, que xa existe un valor límite diario cun nivel de exixencia máis estrito que o valor recomendado pola OMS. De feito, as directivas europeas non exixen o control de valores inferiores a vinte e catro horas cando non haxa método de medida en continuo. Por iso, seguindo o criterio da normativa europea, non é razoable exixir o cumprimento da concentración media de sulfuro de carbono de duración inferior a vinte e catro horas.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, de acordo co previsto no artigo 24.1 c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Así mesmo, foi sometido ao trámite de información pública e remitido ao Consello Asesor de Medio Ambiente, en aplicación das previsións da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2014,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.*

A disposición transitoria única do Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, queda redactada da seguinte maneira:

«Mentres non se revisen segundo o especificado no artigo 9 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, serán de aplicación os seguintes obxectivos de calidade do aire:

Contaminante	Concentración media en trinta minutos, que non se debe superar	Concentración media en vinte e catro horas, que non se debe superar
Cloro molecular . . . . .	300 µg/m <sup>3</sup>	50 µg/m <sup>3</sup>
Cloruro de hidróxeno . . . . .	300 µg/m <sup>3</sup>	50 µg/m <sup>3</sup>
Compostos de flúor . . . . .	60 µg/m <sup>3</sup>	20 µg/m <sup>3</sup>
Fluoruro de hidróxeno . . . . .	30 µg/m <sup>3</sup>	10 µg/m <sup>3</sup>
Sulfuro de hidróxeno . . . . .	100 µg/m <sup>3</sup>	40 µg/m <sup>3</sup>
Sulfuro de carbono . . . . .	—	70 µg/m <sup>3</sup>

Os métodos de referencia para a medición destes contaminantes serán métodos que se poidan aplicar nas redes de vixilancia de calidade do aire e serán métodos propostos polo laboratorio nacional de referencia de calidade do aire, coa colaboración dos xestores das redes de calidade do aire. Serán preferentemente métodos publicados en normas internacionais ou nacionais.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de agosto de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN